

# IRIMIA



A terra vai dando froito por si mesma

ANO XXX • Nº 808 - Do 12 de abril ao 2 de maio de 2010

## Organización en crise

**BUSCA INIMIGO  
EXTERNO.**

# A foto que fala



Escobiña do retrete de Jaime Matas.  
Modelo Lulu. 319 euros máis IVE.  
[Fonte: [www.escolar.net](http://www.escolar.net)].

## O trasno A “campaña”

Daniel López Muñoz



Cando a animalada do 11-S moitos americanos facían a pregunta máis terrible: “por que nos odian tanto?” Veume isto á cabeza polo da “campaña”. Medios católicos e bispos falan de que, ao fío do escándalo dos abusos sexuais, está desenvolvéndose unha “campaña difamatoria de corte anticlerical”.

Hai un lixeiro desenfoque. Hai que ter unha “funda-mental”, que diría Pepe Chao, para non ter ben asumido que dous mil anos de “variada” his-

toria da Igrexa dan abondo argumentos para anticlericalismos de todas as cores e intensidades. Madría leva co descubrimento!

A cuestión non é esa. A cuestión é se, despois da crítica e da sospeita dos dous últimos séculos, da ilustración, da modernidade e da postmodernidade, de crítica histórica, da crítica bíblica, da renovación teolóxica, do movemento obreiro, de Auschwitz, de Darwin e Teilhard, do nacionalcatolicismo, do Vaticano II, Medellín e Romero de América.... a Igrexa xerárquica era quen de facer o cambio que debía, deixar de dar os argumentos que tanto odio, penumbra, culpa, crearon e dar outros máis relacionados cun tal Xesús, lixeiramente encuberto e esquecido.

Pero non. En celofán televisivo veu un inverno polaco co seu martelo alemán. Wojtyla e Ratzinger. Frío, escurantismo e represión. Volta á endogamia cultural, á penumbra dunha Igrexa sen ventilación. Desde Pío X non se lembraba tanta persecución: o redentorista Bernhard Häring (1912-1998), renovador da moral católica; o dominico Edward Schillebeeckx

(1914-2009) inspirador do catecismo holandés; Hans Küng, catedrático de Tübinga, ex-asesor de Xoán XXIII; o moralista americano Charles Curran; os teólogos da liberación como Leonardo Boff, e as comunidades de base; as novas teólogas: Lavinia Byrne, Ivone Gebara, Teresa Berger; os asiáticos que abrían vías de encontro coa espiritualidade oriental: Tissa Balasuriya, de Sri Lanka; Jacques Dupuis. Benjamín Forcano, Castillo, mesmo Queiruga baixo sospeita, etc. Unha nómina de marca.

Esa é a cuestión. Porque, pola beira de acolá, polo lado escuro, todo foron bondades: cos lefevbristas, cos da misa en latín, co Opus, cos “legionarios de Cristo” (tan introducidos no goberno Aznar e fundados, por certo, por Marcial Maciel, reputado abusador de menores).

Ese dereitismo escurantista secuestrou en beneficio propio a imaxe pública da Igrexa e do “cura católico” e quen comparte agora a sospeita e o ataque social é moito crego de base, bo e xeneroso, o mesmo que antes sufriu a sospeita, control e o desleixo dos novos inquisidores.

# Editorial Os inimigos na aldea global

Durante a maior parte da historia vivimos en aldeas e vilas nas que as aparencias eran fundamentais na convivencia diaria. Moito máis grave que facer algo mal era a súa publicidade. Avanzoullo o César á súa muller: “Non é cuestión de ser honesta, senón de parecerlo”. E continuouno, moito tempo despois, Jean Paul Sartre: “O inferno son os outros”. Tendo en conta que a propia vida dunha persoa se fundamenta en boa parte na imaxe que dela teñen os seus veciños, a mellor forma de manterse en estado de graza social é defender contra vento e marea a bondade e honestidade das nosas accións, a nosa “honra”, o noso creto.

## A confianza gáñase recoñecendo erros e xerando os cambios necesarios

tido político se lle descubren tramas corruptas nas contas propias e públicas que xestionaron durante anos, prodúcese unha creba nun elemento fundamental da democracia: a confianza que necesitamos os cidadáns nas persoas ás que lles encomendamos xestionar os millóns de euros conseguidos co esforzo de todos.

Algo semellante pasa coas dúbidas e desconfianzas nunha dunha Institución que ocultou e permitiu que abusadores de menores seguisen exercendo de cregos ou educadores preto das súas vítimas. Non parece que o peso da evidencia se poida minorar o máis mínimo acusando ao inimigo de organizar unha conspiración.

Pero vemos como partidos ou institucións que son acusados de condutas reprobables non adoitan tomar a decisión de recoñecer as súas faltas. Prefiren xogar ao despiste e mirar para outro lado, confiando en que as evidencias perdan peso e se convertan en rumores, en comentarios malintencionados, en campañas. Aceptar a culpa seica é evidenciar fragilidade.

A cuestión é se a confianza e a verdadeira fortaleza se gaña mantendo como sexa a aparencia mediante o mecanismo de culpar a inimigos externos e declarar que hai campañas en contra da propia organización ....ou, máis ben, recoñecendo e rectificando os erros, indo ao fondo do asunto e xerando os cambios necesarios.

Nunha sociedade global, na que se nos convence cada día de que a imaxe vale máis cá realidade, o aparentar máis có ser, esa realidade repítese diariamente, tanto na xente pública como nas organizacións e institucións. Certamente cando a un parti-

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



Segundo di a última edición do dicionario Xerais un xalgarete é un fedello. Un grupo de “fedellos” da Asociación xuvenil Amencer de Ourense vén de publicar os primeiros cadernos Xalgarete. Esta asociación dos salesianos traballa en actividades de tempo libre e decatáronse do grande baleiro que había nas actividades de tempo libre ao respecto da lingua galega. Sobre todo ao respecto do seu uso.

Preguntaron por que non falaban galego cos rapaces nos campamentos urbanos e a partir das respostas fixeron un caderniño tratando de desmontar certas ideas sobre o galego. Vanse desmontando ideas como

“non hai recursos en galego”, “pode que non me entendan”, “falo no idioma que me falan”,... Coido que é un traballo moi práctico que ben vale para ter unha conversa sobre hábitos e usos do galego.

Pero a sorpresa grande é que neste proxecto traballamos un grupiño amplo de irimegos e irimegas. Dá gusto ver como ao redor da boa idea do noso amigo Xulio foise tecendo unha rede de boa xente disposta a botar unha man nun proxecto tan xeitoso. Parabéns a todos os xalgaretes de Ourense e moito ánimo nese intento de recuperar a dignidade para a lingua tamén no tempo libre. Para cando un novo caderno?

1



3



2



4



## A peneira

1

**A REPÚBLICA** é vivida con Díaz Pardo na homenaxe popular do seu berce, Compostela, coa exposición, "As misións pedagóxicas". O 17, no monolito onde foron paseados Manuel Ponte, Díaz Pan e "O Asturiano", en Abellá. O 9 proxéctase O tempo da memoria en Oleiros. E David Otero reflicte *Nun bambán de non virar baldo*, traxedias semellantes. Na foto, deputados do 31: Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo...

2

A Fundación Xoán **VIQUEIRA** convoca, os xoves da primavera, as I Xornadas de Pensamento, sobre a filosofía e pedagogía deste galeguista. Célébranse en Bergondo, onde se acochou a súa familia 9 meses na sublevación do 36. A Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica entrega o día 6 á súa filla Luísa, exiliada en México, o título de "Republicana de Honra". Alí foi fundadora do Patronato da Cultura Galega e da UPG.

3

Na Coresma atravesamos o deserto cara **A TERRA PROMETIDA**, co caxato desta exposición de Xosé Freixanes. A crítica lúcida e bela da globalización, que denuncia a perda cada día dun idioma ou pobo, ou o colonialismo occidental que os inxire e mata co pensamento único... Son "72 silencios", que reflicten a extinción de culturas, que coma as cores converten a vida nunha sinfonía de diferenzas

4

Luís **TOSAR** é protagonista dos Mestre Mateo, co 3º Goya con Celda 211. O 1º foi Os luns ó sol (2002) e o 2º, no 2003, con Te doy mis ojos, de Iciar Bollain, coa que vén de rodar en Bolivia a Guerra da auga. Na foto, con Carlos Blanco e Luís Soaxe, mariñeiros, en Cargo, do documentalista Olive Gordon, estreada no festival de Sundance, nunha trama con música de Serxio Moure, a Real Filharmonía e outros.



5



6



8



7



Alfonso Blanco Torrado

5

Berramos na Pascua: "¡ALELUIA!, ¡Xúbilo! A outra noite vin a eternidade", coa neiorquina E. Wharton, contaxiando esa emoción no Pórtico da Gloria, no 1927. Intrépida, solidaria, traballou na Cruz Vermella na II Guerra Mundial. O Secretariado da Igualdade publica a tradución de A idade da inocencia, levada ao cine por Scorsese. Alegato feminista. Viaxeira, plasmou as 2 peregrinacións en "Back to Compostela".

6

"Semana contra transxénicos de Greenpeace. As químicas alteran PATAÇAS e destinan o agro a biocombustíbeis. Carlos Vicente defende alimentos na biodiversidade, contra Monsanto, que fai da cunca transfronteiriza do Prata, un monocultivo de soia (20 millóns hectáreas, de 35 cultivables), empobrecéndoa, amasando divisas coa exportación a Asia. España cultiva deste millo máis ca toda Europa. As multinacionais asaltan a soberanía popular.

7

Eleccións, en SUDÁN, con 7 anos de matanzas, e 5 millóns de refuxiados. En Darfur, 400.000 asasinados, en 25 anos, e 300.000 refuxiados. Moitos no Chad, cos que traballa Manuel Veiga de Lugo... Pero, 135.000 etíopes se refuxiaron na súa parte oriental, e 20.000 do Chad en Darfur. No sur, 2000 mulleres embarazadas morren cada 100.000 nacementos. Hai 10 enfermeiras para 8 millóns. O 10% dos nenos morre antes do ano.

8

A reforma de Obama, deixa 20 millóns "sen papeis" sen seguro, pero ergueu MONXAS CONTRA BISPOS, que por medo ao aborto, e política, opuxéronse. As monxas atenden 1200 hospitais (1 de 6 enfermos/ano), e deféndena dende a xustiza e caridade, achegando ao Congreso a voz de 60.000, que asisten a 47 millóns sen cobertura. Dende a fe, argumentan que viven ao pé do leito da dor. Os bispos, no seu mundo.

☎ 27891 CERVÓ (Lugo)  
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04  
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO  
15168 Sada (A Coruña)  
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00  
Fax: 981 - 62 38 04  
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88  
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56  
15003 A CORUÑA  
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04  
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276  
08008 BARCELONA  
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79  
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Zurbano, 46  
28010 MADRID  
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30  
e-mail: galcriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS  
SARGADELOS

☎ Habana, 12  
32003 OURENSE  
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32  
15402 FERROL  
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16  
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo  
27001 LUGO  
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13  
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17  
36201 VIGO  
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74  
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24  
36001 PONTEVEDRA  
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2  
27400 MONFORTE DE LEMOS  
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33  
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 38  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS  
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52  
36980 O GROVE  
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34  
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8  
36580 A ESTRADA  
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94  
sargadelos@astrada.com

# Internacional

Moisés Lozano Paz

## Turquía soña e desencántase con europa

Turquía é unha sociedade nova e dinámica, e aparentemente con recursos para adaptarse aos continuos altibaixos políticos e económicos. O Goberno prevé un crecemento positivo da economía en 2010 e os capitais internacionais volven acudir á Bolsa de Istanbul. Pero o soño do ingreso na UE empeza a disiparse.

### Turquía entre Oriente e Occidente

A República de Turquía, con máis de 75 millóns de habitantes, é un país eurasiático que se estende por toda a península de Anatolia e Tracia, rexión na península dos Balcáns. Anatolia (tamén coñecida como Asia Menor), que comprende a maior parte da Turquía moderna, é unha das rexións habitadas continuamente máis antigas no mundo debido a súa situación na intersección de Asia e Europa

Turquía é unha república parlamentaria e a Constitución dispón que é un Estado democrático, laico, social e de dereito. O presidente e o primeiro ministro divídense as funcións do poder executivo de forma semellante á do sistema de goberno francés. Turquía é membro fundador das Nacións Unidas (1945), a OCDE (1961), a OSCE (1973) e o Grupo dos 20 (1999).

Debido á súa posición estratéxica, situándose a medio camiño entre Europa e Asia así como entre tres mares, Turquía foi unha encrucillada histórica entre as culturas e civilizacións orientais e occidentais. Foi fogar de grandes civilizacións e escenario de moitas batallas entre elas.

### O soño europeo de Turquía

En consonancia coa súa tradicional orientación occidental, as relacións con Europa sempre foron unha parte central da política exterior turca. Turquía converteuse en membro do Consello de Europa en 1949, solicitou ser membro asociado da CEE (predecesora da Unión Europea) en 1959 e converteuse en membro asociado en 1963. Logo de décadas de negociacións políticas, Turquía converteuse en membro asociado da Unión Europea en 1992, chegou a un acordo de Unión Aduaneira coa UE en 1995 e comezou oficialmente as negociacións formais de adhesión á mesma o 3 de outubro de 2005. Crese que o proceso de adhesión terá unha duración mínima de 15 anos debido ao tamaño de Turquía e a profundidade dos desacordos sobre algunhas cuestións. Estes inclúen as controversias con membros da UE sobre a intervención militar da República de Turquía en Chipre para impedir a anexión da illa a Grecia en 1974. Desde entón, Turquía non reconece a República de Chipre como a única autoridade na illa, senón que apoia de facto a comunidade turco-chipriota que forma a República Turca do Norte de Chipre. Algúns países como España e Francia defenden a súa incorporación á Comunidade económica europea.

Hoxe, o 60% dos turcos votaría "si" nun referendo de adhesión á UE, segundo datos oficiais. É certo que o 70% da poboación cre que a UE contribúe á democratización, os dereitos humanos e á mellora da economía do país. As expectativas son moi altas neste sentido. Pero cando se pregunta aos turcos si creen que Turquía será admitida algún día na UE, o listón baixa ao 40%.

Creo que Europa e, xa que logo, nós veriámonos moi enriquecidos coa incorporación á Europa dun país como Turquía con tan longa tradición cultural.





# O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Este ano é de despedidas: Espiña, Carmen Puente e agora Antonio Peteiro. Peteiro era un frade verdadeiramente alegre, con todo o espírito franciscano. Eu recórdoo aos poucos de que o fixesen arcebispo de Tánxer, bailando e pegando chimpos cun cento de mozos aló en Louro.

Contoume alguén que un día foi a Tánxer e visitou a catedral, sabía que había un bispo galego e quería saudalo. Cando entrou no templo atopou un home pasando a vasoira e, pensando que sería o sancristán, preguntoulle polo arcebispo. Pois o arcebispo era o varredor, que báculo tan fermoso debeu ser aquela vasoira!

A pesares da ruín enfermidade do alzheimer (un amigo alemán que me agacha as cousas, dicía o Tintxu), non esqueceu a súa fala, o galego. "Eu son fillo de labregos e gandeiros", dixo sempre, como outro bispo, Casaldáliga: "Por favor, non me chamedes monseñor, son fillo de leiteiros". Mágoa que no funeral que lle fixeron en Santiago esquecesen este detalle. Peteiro descansa agora aló nas terras de Mezonzo, onde houbo outro bispo santo, onde a paisaxe amosa prados, soutos e carballeiras e as vacas seguen a falar en galego.

Lin estes días a fermosa testemuña dunha galega exiliada, Carmen Cervera. Conta que foi visitar a Peteiro á enfermería e ao despedirse pediulle que lle dese a bendición. Peteiro ergueuse e deulle un abrazo inmenso... Habará bendición máis bonita! Tamén foi unha mágoa que Peteiro non quedase aquí entre nós, precisabámolo ben. Nestes tempos de negras sombras, canto precisamos de bendicións como Peteiro, como Carmen Puente, de grandes apertas que curen tantas feridas. Sabemos que a alegría non evita o sufrimento, o Xesús resucitado seguía coas feridas nas mans e nos pés. A resurrección deixa cicatrices, pero son de moito amor; Xesús non se apareceu nin a Pilatos, nin a Caifás nin a Herodes, só souberon miralo aqueles que o querían... E nós, que é o que miramos?



## © CARRABOXO por ROBE LOIS



# Entrevista Conversa con Luz Enith, relixiosa filipense

Xan Guillén



Luz Enith cun grupo de nenos sudaneses

*Hai pouco máis dun ano en Rumores de esperanza faciámonos eco dunha boa noticia. Un grupo de relixiosos de diferentes ordes, países e continentes ían desenvolver conxuntamente un proxecto no sur de Sudán para axudar na reconstrución do país, devastado por unha guerra de máis de vinte anos. Logo das vacacións de Nadal estivo connosco Luz Enith Galarza Melo, unha moza relixiosa filipense que está desenvolvendo este proxecto na capital do Sur de Sudán. Tivemos a sorte de conversar con esta amiga colombiana de sorriso espontáneo despois do seu faladoiro cos rapaces e rapazas do Colexio Filipense de Vilagarcía.*

## Antes de nada, que tal en Galicia?

Sentíame moi ben en Galicia. Había tempo que desexaba estar aquí, xa que desde nena coñecín relixiosas filipenses que naceron aquí e son marabillosas. Antes de vir xa existía en min un vínculo afectivo con esta linda terra.

existente é autoritario, o poder político está en mans do Xeneral Omar o Bashir. El e o seu partido controlan o goberno desde que este liderou o golpe militar de 1989.

En canto ao económico, nótanse as secuelas que deixou a guerra. Sudán é un país netamente agrícola, pero logo da guerra a xente deixou de semear e a maioría dos alimentos chegan desde Uganda. Non existe acueduto, os británicos vendéronlle o Nilo a Exipto antes de se ir. Os principais problemas son a saúde, a educación e os conflitos entre tribos. Ademais, as mulleres e os nenos son o sector máis vulnerable, xa que non son tidos en conta socialmente.

É necesario volver a empezar desde cero para reconstruílo todo e mellorar o nivel de vida deste pobo.

## É necesario volver a empezar desde cero para reconstruílo todo

## Cal é a situación política, social e económica de Sudán nestes momentos?

A situación política de Sudán do Sur é complexa, dado que é o resultado de moitos anos de conflito entre os árabes musulmáns do norte e os africanos cristiáns e animistas do sur. Tras máis de 20 anos de guerra, asinaron un acordo de paz no 2005, permitiéndolle a potestade ao norte de explotar o petróleo (situado no sur), mentres que se espera un referendo que no 2011 lles permitirá definir se se converterán ou non nun país independente. Mentres tanto, o goberno

## Que perspectiva de futuro ten ese país?

O futuro está nos nenos, na idiosincrasia da xente que lles permitiu sobreporse á dor e continuar loitando a pesar de tanto sufrimento e tanta miseria. Na formación humana e intelectual que lles permita contar con medios para saír adiante. Tamén na muller que necesita moita promoción e coidado, xa que elas son as xestoras



das novas sociedades. O futuro estase construíndo co acercamento de todos os que soñamos cun país que á fin viva en paz.

### **Que labor estades desenvolvendo alí?**

Nós as relixiosas filipenses formamos parte dun grupo de congregacións relixiosas, máis de cen neste momento, que aceptamos a invitación dos bispos de Sudán para axudarlles a través da formación de mestres e mestras de primaria, de enfermeiros e enfermeiras, ademais de liderar proxectos de pastoral e agricultura.

### **Con que dificultades vos atopades?**

Existen moitas carencias en Sudán, pero persoalmente, considero que a maior dificultade é a incerteza ante o regreso da guerra. Hai moitos intereses económicos polo medio e, para líderes que non entenderon a súa misión, o poder e as riquezas están por encima da vida. Nós somos conscientes diso, pero mentres nolo permitan estamos dispostos a acompañar e a loitar co pobo sudanés pola súa promoción, pola paz e a reconciliación.

### **Como estades vivindo as comunidades relixiosas esa experiencia entre relixiosos de diferentes comunidades? É difícil adaptarse a diferentes culturas e carismas relixiosos?**

É unha experiencia moi bonita, moi enriquecedora, non é fácil porque implica un abrir o corazón e a mente a outros estilos e perspectivas, pero é moito máis o que nos une e, sobre todo, que todos loitamos por un proxecto en común que definitivamente vale a pena.

### **Que motivos para a esperanza atopas en Sudán?**

Considero que sempre será importante traballar pola paz e a reconciliación e este é o fío condutor de todo o

noso que facer en Sudán. Os nenos e os novos son moi receptivos, desexan estudar e encántalles aprender.

O bispo de Rumbek, monseñor Cesar Mazzoralli, díxonos que somos como un novo Pentecosté e o sómolo, diferentes ordes relixiosas, carismas e culturas unidas para ser Boa Nova a un pobo que sufriu moito, con e polo cal queremos volver reconstruír.



Máis de cen congregacións relixiosas participan conxuntamente no proxecto de Sudán

## A maior dificultade é a incerteza ante o regreso da guerra

### **Que mensaxe lles darías aos lectores de Irimia?**

Gustaríame facerlles a mesma invitación que fago cando remato de expoñerlles a realidade dos nenos e mozos sudaneses aos estudantes dos nosos colexios: valoren o que teñen e inclúan na lista de primeiros os seus seres queridos, quizá non son conscientes de que afortunados somos. Non desperdicien nada, nin comida, nin auga, nin tempo, nin recursos. Sociedades como a de Sudán padece a carencia en grao sumo elemental. E, finalmente, sempre compartan, e cando o fagan procuren involucrarse coa necesidade do outro, non dean por dar, non dean aquilo que lles sobra. Se alguén se sente motivado a participar dos diferentes voluntariados, en proxectos coma este, son todos benvidos.



Grupo de profesores sudaneses nun curso de formación

# Para saber, andar ou ler

Clodio González Pérez

## A Virxe de Guadalupe en Galicia: o milagre de Vimianzo

O culto desta advocación mariana procede do sur da Península, estendéndose así como os cristiáns foron conquistando cada vez máis terras aos árabes: Cáceres (gáñase en 1229), Badajoz, Mérida e Jerez de los Caballeros (1230), Trujillo (1232), Córdoba (1236), Llerena (1243), Huelva (1262)... ata rematar con Granada, en 1492.

Serán os nobres e os soldados que toman parte nestas loitas os principais propagadores do culto guadalupeano, adobiando a lenda da aparición da imaxe con feitos maravilhosos, pero sen ningún fundamento histórico, como a inmensa maioría dos moitos que xorden na Idade Media.



○ castelo de Vimianzo, entre lusco e fusco.

Dito isto, paso ao miolo da cuestión, ao título do meu artigo de hoxe: na *Relación dalgunhas casas e liñaxes do reino de Galicia*, redactada nas primeiras décadas do século XVI por Vasco da Ponte ou De Aponte, como queren outros, refírese un suceso relacionado coa Virxe estremeña, que testemuña, por unha banda, que o seu culto xa gozaba de popularidade, e, pola outra, que o acontecemento debeu ser moi coñecido,

Polo de agora, e non ten porque ser a máis vella, a primeira referencia verbo deste santuario na nosa Terra é unha das mandas do testamento de Gonzalo Ozores, o señor da casa de Ulloa que mandou construír o castelo de Pambre, ditado na vila de Melide o 4 de agosto de 1402:

Iten mando ir por min a SANTA MARIA DE AGUA DA LUPE un home a miña costa e que leve mill marabedís de cera a dita igrexa que lle prometi...

Quizais tomase parte nas loitas contra os mouros e de aí que lle prometése os mil marabedís, que, como el xa non pode ir, levará no seu nome outra persoa.

Cando fina Gonzalo de Ozores a sona do santuario estremeño estendérase por todas as terras cristiás, principalmente polo labor dos monxes xerónimos que se fixeran cargo del en 1389, por concesión do rei Juan I. Esta orde relixiosa española, aprobada poucos anos antes polo papa Gregorio XI (1373), rematará por ser unha das máis importantes da Península, non por número de cenobios, senón pola importancia dalgúns deles: San Xerome o Real de Madrid (fundado polos Reis Católicos a finais do s. XV), Fresdeval na provincia de Burgos (comezos do s. XV), Yuste na de Cáceres (1507) e, por último, o Escorial, mandado construír por Filipe II e do que se fan cargo en 1561.

### O milagre de Vimianzo

O suceso, dependendo da fe de cadaquén, pode ser un milagre ou non máis que unha casual conxunción de varios feitos, polo que tampouco deixa de ser extraordinario, tivo lugar no castelo de Vimianzo, propiedade da casa de Moscoso, señores das torres de Altamira (Brión), pero daquela, 1471, en poder do arcebispo compostelán Alonso II de Fonseca.

Vasco da Ponte di do devandito conde que casou con Constanza Gómez Pérez das Mariñas, pero o matrimonio declarouse oficialmente nulo por consanguinidade, aínda que debía haber outros problemas a teor de que engada que Don Lope *non era home para muller*. Malia a eso, coa fin de facer as paces, o arcebispo Alonso II de Fonseca casouno en segundas nupcias coa súa irmá Aldonza de Acevedo, contra a vontade desta, que, como tamén di o cronista, *foi aquela condesa de Altamira que se aforcou en Santiago*. Non tivo fillos e os seus estados pasaron ao curmán Rodrigo de Moscoso Osorio.

Este conde é o antagonista da nosa historia, o malo do conto, como se adoita dicir, pois o bo, o único que pode dar fe do feito sobrenatural, é o peón Fernando de Xinzo. Non consta de onde era natural, pero quizais da aldea do mesmo nome de San Xiao de Bastavales, de aí que Lopez Sánchez lle tivese xenreira, talvez porque era vasalo seu e se pasara ao bando do arcebispo.

Logo de rematar a chamada batalla de Altamira (que tivo lugar en Ames, na aldea de Augapesada), na que foron derrotadas as tropas do prelado compostelán polas de Lope Sánchez, Diego de Andrade, Gómez Pérez, Sancho Sánchez de Ulloa e Pedro Álvarez de Soutomaior, o primeiro solicitou axuda dos demais para tomar o castelo de Vimianzo, do que era alcaide Xoán Mariño de Lobeira

en nome do arcebispo. O cerco durou todo o día e ao entrar os vencedores na fortaleza acordaron non facer mal aos asediados, agás a un, como conta Vasco da Ponte:

Estaba dentro un peón que se chamaba Fernando de Xinzo; non sei porque Lope Sánchez lle quería mal e mandouno aforcar. Chamou el á Nosa Señora de Guadalupe para que o socorrese, pero facendo todos burla del levárono á forca, e subindo pola escada vén un torbón, marcharon todos, crebou a corda co aforcado, caeu de pés e estaba vivo, acolleuse ao monte e ía en camisa, chegou de noite ás portas dun compadre seu e dixo quen era e que abrise. O outro collendo medo non ousaba e respondeulle o aforcado:

Compadre non teñas medo, estou vivo, que Santa María de Guadalupe salvoume.

Entón abriulle con moito pracer e tratouno ben en todo o que puido e soubo, e dende que lle dixo o aforcado que quería estar un ano en Gua-

dalupe e que lle emprestara con que irse; prestoulle todo o necesario porque o aforcado non ousou ir á casa e el con outros pasárono diante e foise a Guadalupe, onde rematou o seu ano e despois volveu para á súa casa e viviu algúns anos e falaba rouco polo esganado da corda.

Do peón Fernando de Xinzo non se sabe nada máis, pero si de Lope Sánchez: aumentou a facenda á conta da dos veciños e da Igrexa, autotitulouse conde de Altamira (confirmado logo polos Reis Católicos, o 4 de maio de 1475), foi pertegueiro maior da Terra de Santiago, e descansa na capela maior da igrexa de San Domingos de Bonaval, non sabemos se en paz, pois xa hai máis de 175 anos que se deixou de cumprir a cláusula do seu testamento (15 de abril de 1500) na que mandaba que os frades dominicos:

*... sean obligados de me decir todos los dias del año en quanto el Mundo durare una Misa de requiem rezada por mi Anima.*



No castelo de Vimianzo salvouse da forca Fernando de Xinzo, segundo el, por intercepción da Virxe de Guadalupe.



# Boa Nova



**DOMINGO 18 DE ABRIL.**  
**3º DOMINGO DE PASCUA**  
**Xn 21 1-19**

Naquel tempo, aparecéuselles outra vez Xesús aos seus discípulos onda o lago de Tiberíades (...) presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles: "Rapaces, tedes algo que comer?". Eles responderon: "Non". Díxolles entón: "Largade o aparello por estribor e atoparedes".

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe. Entón, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro: "É o Señor". Entón Simón Pedro, ao escoitar que era o Señor, cinguíu o vestido -pois estaba espido- e botouse ao mar. (...) Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan. Xesús díxolles: "Traede peixes dos que acabades de coller" (...) Cando xa comeran, preguntoulle Xesús a Simón Pedro: "-Simón de Xoán, ámame máis ca estes?" El contestoulle: "Si, Señor, ti sabes que te quero". Xesús díxolle: "Apacenta os meus años". (...) E preguntoulle por terceira vez: "Simón de Xoán, quéresme?" Entristeceuse Pedro de que lle preguntase por terceira vez "¿quéresme?", e respondeulle: "Señor, ti sábelo todo, ti ben sabes que te quero". Xesús díxolle: "Apacenta as miñas ovellas. Con toda verdade cho aseguro: cando eras novo vestiaste ti e ías onde querías; cando te fagas vello, estenderás as túas mans, e vestirte outro e levarate onde non queres (...)".

## A CLAVE

Xesús resucitado faise presente de xeitos diversos, pero non casuais. Non está na barca, largando o aparello para pescar, senón na praia, facendo brasas, esperando que chegue o peixe para asalo e dar de comer a todos. É poderosa esta imaxe sobre a que oín falar á teóloga Isabel Gómez-Acebo. Xesús resucitado non é o home rexo que pelexa co mar, que "gaña a vida", senón a muller que espera na praia, preparando o xantar. Xesús acougo e alimento. Os discípulos non o recoñecen, claro. O peixe quedou como símbolo do primeiro cristianismo, moito antes que a cruz, (en grego, *Ichthys* é o anagrama de Xesús Cristo, Fillo de Deus, Salvador) pero cómpre reparar no modelo que propón Xesús: a nai nutricia que está pendente de dar acougo e alimento, necesidades primeiras das persoas. Igual o máis necesario no Reino non é ter un patrón que governe a barca, senón ter cociñeiras atentas, nais que poñan a mesa para todos, que se preocupen porque a ninguén lle falte o fundamental, mans que dean calor e humanidade ao mundo. Esta é unha poderosa metáfora do servizo proposta por tres veces a Pedro con aquel "apacenta os meus años".

Marisa de Corme

Brasas, peixe e pan. Diso vai o segundo epílogo do cuarto evanxeo. Outro final que é un comezo. Era de noite, veu a mañá. Cando sentimos o frío do mar, como Pedro cando se mergulla para chegar antes á beira, xa albiscamos o lume das brasas quentiñas na praia. Cando non se pescara nada e entran na rede 150 peixes (o número aproximado de especies coñecidas neses tempos naquelas ribeiras); e non a rachan.

Este relato quita o frío, a fame, o medo e a cegueira. Coma un ou unha deses discípulos/as sen nome que estaban alí a pescar, a falar, a comer, a crer e a amar a Xesús tanto coma os que si teñen un nome que chegou ata nós, súmome caladiñamente á vivencia. Onde vai que Xesús morreu e síntoo vivo, tanto que me entran ganas de quentar o forno e artellar algo de comer para por nas brasas, saír a pescar, a procurar centos de irmás e irmáns porque vai chegar para todos e todas. Non teño dúbidas, cando ferve o corazón, os pes e a lingua para cantar o alalá da Resurrección, sei que el vive, e non podoo calar porque aí fora vai frío, vai noite, vai fame e vai medo e os seus años andamos a procurar pastor que non nos leve a mares sen peixe. Nestes tempos duros custa responder á invitación de Xesús "ségueme"; máis aínda tatexar iso de "ti sabes que te amo". Pero sabendo que el vive, quen pode negarse.

Christina Moreira

## A PALABRA

## O ECO



# Ás furtadelas

Movemento Internacional Somos Igrexa (IMWAC)

## Comunicado sobre algúns aspectos da carta pastoral do Papa Benedito XVI á Igrexa católica de Irlanda



### O contido da carta

En lugar de buscar causas externas dos abusos sexuais, a Igrexa debe facer urxentemente unha revisión profunda das súas propias estruturas, sen prexuízos nin medos.

“A súa credibilidade está moi en cuestión nestes momentos”, dixo Raquel Mallavibarrena, Coordinadora do Movemento Internacional Somos Igrexa, como unha primeira reacción á carta do Papa á Igrexa católica de Irlanda, asinada por Benedito XVI o 19 de marzo de 2010 e publicada o día 20. É lamentable que o Papa non queira relacionar as estruturas eclesiásticas co desacougante asunto do abuso sexual de nenos e, en lugar diso, traslade a culpa a tendencias sociais tales como o “cambio social tan rápido” e

establece efectivamente que os sacerdotes deben ser considerados como unha clase especial de seres humanos.

Este documento papal dirixido aos bispos irlandeses non satisfará aos fieis e os moitos miles de vítimas que esixen dimisións e reformas estruturais. Non basta recomendar como iniciativa concreta os tradicionais exercicios espirituais, e non falar de reformas estruturais.

As duras palabras do Papa aos católicos de Irlanda non poden esconder que o Vaticano é tamén responsable. A carta *De delictis gravioribus*, asinada o 18 de maio de 2001 polo Cardeal Joseph Ratzinger, prefecto da Congregación da Doutrina da Fe (CDF), e por Tarsicio Bertone, secretario da dita congregación, ten especial impor-

En lugar de buscar causas externas dos abusos sexuais, a Igrexa debe revisar urxentemente as súas propias estruturas!

o “xeito de pensar e de axuizar das realidades seculares”. Citar unha falsa lectura do Concilio Vaticano II e o seu programa de renovación como unha das causas é indignante. O Papa acusa a sociedade de esperar de máis dos membros do clero en canto á ética; con todo evoca o misterio do sacerdocio como unha chamada superior e así

tancia neste tema, pois non invita os bispos a informar dos delitos ás autoridades civís. De feito, impón un segredo pontificio (*secretum pontificium*) sobre estas cuestións.

Polo tanto, bispos e nuncios estaban só seguindo as instrucións vaticanas, aínda que isto non os escusa de non exercer a atención pastoral debida aos

# Ás furtadelas

Movemento Internacional Somos Igrexa (IMWAC)

fiéis. O feito de que tantos deles atenderan as peticións do Vaticano, con todo, fai ao Vaticano cómplice e responsable do encubrimento dos abusos sexuais. Á vista desta situación, o Papa debería pedir perdón desde a Igrexa e posibilitar un novo comezo.

## Como pedir perdón?

A política de tolerancia cero pedida polo Papa, que aparecía en escritos anteriores e aplicable a Estados Unidos, non se menciona explicitamente na carta. Os bispos da Igrexa católica Romana están obrigados moralmente a seguila.

O movemento católico de reforma considera que é esencial unha revisión do ensino católico da sexualidade. Debe incluírse a cuestión da obrigatoriedade do celibato na Igrexa Latina, asunto que xa foi suxerido ata por bispos e cardeais. Aínda cando non houberse relación directa causa-efecto entre o celibato obrigatorio e a violencia sexual, a lei que obriga ao celibato é unha expresión visible da animadversión dunha Igrexa masculina contra a sexualidade e as mulleres. A carencia de estruturas colexiadas e democráticas como medio de que os laicos participen na estrutura eclesial

é tamén un problema que debe considerarse. Só cando os problemas estruturais se recoñezan e atendan poderá a Igrexa ser crible e conseguir perdón e reconciliación.

A Igrexa institución está chamada ao arrepentimento e á reforma, de modo que o Reino de Deus anunciado por Xesús de Nazaret poida ser máis visible nas estruturas da Igrexa católica Romana.

## O noso taboleiro

A todas e todos os que aboastes á vosa subscrición do 2010...

graciñas por facer posible Irimia  
un ano máis!



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es)

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>



# In Memoriam

Mencha Leirós

## A Carme Puente, tantos anos directora da revista Irimia.

Benquerida Carmen: Póñoome a escribir unhas letras agora que acabas de acceder a ese novo estado, para nós tan misterioso, pero que parece facilitar una relación fonda entre as persoas que quedamos aquí e as que xa estades no outro lado. E quixera aproveitar a ocasión para contarche algo do que fun admirando e aprendendo de ti así como o que supuxeches para min (coido que tamén para outra moita xente) e agradecercho. Porque realmente fuches unha persoa moi valiosa coa que tiven a grandísima sorte de coincidir nun bo treito do camiño da vida.

Así por exemplo, penso que era admirable a túa dedicación na escola cos nenos e nenas máis pequenos, consciente da gran importancia que tiña o teu traballo. Incluso, cada fin de semana, dedicabas un tempo a preparalo, porque o innovabas cada día. E isto despois de tantos anos na profesión! Claro que o teu alumnado era agradecido e te adoraba, o que non é de estrañar cando comentabas un método que tiñas para “reconducir” a

clase: botábaste no chan e quedabas totalmente inmóbil, permanecendo así ata que todo o mundo estaba ao redor mirando o que pasaba e entón, de súpeto, erguíaste e todo o persoal púñase moi contento. Xenial!.

E xa falando da parroquia, fuches unha catequista boísima, sobre todo para a mocidade que se preparaba para a Confirmación e coa que conectabas moi ben, seguramente pola túa liberdade e polo teu talante tan crítico e ao mesmo tempo tan construtivo. E así acompañaches con moita ilusión, e ás veces con desesperación, a varias xeracións de mozos e mozas convencida de que a catequese podía ser algo bo para eles. E isto a pesar de opinar que “era a mellor vacina para que marchasen”

Pero non só che ía ben coa xente máis pequerrecha e coa xuventude, tamén eras importante para o resto da parroquia. En realidade, para min eras o máximo!. Dunha maneira especial lembro o vivido no grupo de revisión de vida e na catequese. No primeiro deles descubríndote como unha mu-

ller de fe, que sabía ler o que acontecía á luz do evanxeo, trataba de vivir con coherencia e tiña moita lucidez para analizar os feitos con fondura. E no grupo de catequese, axudando a poñer palabras claras á mensaxe que se quería transmitir e potenciando que cadaquén atopara o seu propio xeito de ser catequista. Certamente que aprendín moitísimo de ti, pero o máis importante foi o interese por contaxiar a fe en Xesús de Nazaret e o desexo de seguilo.

Quero destacar a túa dispoñibilidade para aceptar o que se che pedía. Claro que despois, como tamén tiñas outras calidades (tremendamente despistada e xamais anotabas o que tiñas que facer), algunhas veces esquecías o compromiso e nos dabas un auténtico plantón e outras chegabas sen o traballo e dicías “esquecín os papeis na casa, pero cóntovolo”. Ademais sempre estabas disposta a embarcarte nun proxecto novo, xa que dicías “non hai que matar as cousas antes de nacer”

Pero que ninguén pense que o coincidir nestas tarefas foi algo pesado ou aburrido, senón todo o contrario, temos pasado momentos maravillosos. Traballar contigo era unha sorte xa que á túa capacidade para facer as cousas se unía o teu bo humor. Moi especialmente lembro as excursións cheas de risas, os campamentos nos que precisamente ti e máis eu eramos as únicas “expertas en cociña” e as viaxes cantando e falando moi a gusto. Resumindo, que tiven moitísima sorte por todo o vivido contigo.

Grazas, Carmen, e FELIZ VIDA

P.D. Na miña casa o que máis recordan de ti é que estabas sempre rindo... coa túa risa grave.



# Falando da lingua Que quere dicir “equilibrio”?

Lidia e Valentina

Pascuas molladas, boas anadas; pascuas enxoitas, nin poucas nin moitas. Segundo este dito, este ano tíñanos que ser ben bo, ho, aínda que no que se refire á lingua... parécenos que estamos bastante lonxe de conseguir as boas anadas... Non perdemos a esperanza. Temos un goberno empeñado en deixar a nosa lingua, esa da que falamos aquí cada 15 días, no lugar que a un grupo minoritario e anti-

galego lle gustaría que quedase, fóra de xogo.

Que non se ensine, que non se aprenda, que non teña regras, vaia..., que vaia esmorecendo pouco a pouco. Un goberno que non só non fomenta a lingua senón que pretende alimentar vellos prexuízos e, se é posible, crear algún novo. Vaia unha política lingüística do máis “beneficiosa” para o galego. Nunca tal pensamos de quen é hoxe a cabeza pensante da Secretaría Xeral de Política Lingüística!! Un sociolingüista (ex) que fala de **equilibrio** entre galego e castelán cando sabe perfectamente que son **dúas linguas en situación desigual**. Xa hai equilibrio segundo el porque se dá un trato equivalente na escola. Pero se desa mentira ata se dá conta un cego! É coma se poñemos na mesma pista dous corredores para competir pola mesma medalla e dicimos que están en equilibrio porque saen do mesmo sitio e deixamos que corran ata o mesmo lugar, pero non temos en conta que un ten unha perna soa e padece asma e o outro é atleta profesional

e mesmo xa gañou algunha medalla nas olimpíadas pasadas.

Así temos o tema Un filólogo que pretende mudar o significado de equilibrio (por favor, os autores de dicionarios, fagan as emendas!). Unha consellería de educación que quere deixar constancia de que o galego, de usarse no ensino, só para as cousiñas humanísticas, pero non para o ámbito tecnolóxico. Fóra da física, das matemáticas, das tecnoloxías Carlos Salgado, monfortino e investigador do CERN de Bruxelas, díxoo ben claro:

Un teorema é o mesmo obxecto matemático e require das mesmas destrezas mentais en todas as linguas do mundo [ ] Quen pensa que a Física ou as Matemáticas non se poden ensinar en galego está pensando tamén que un galego non pode aportar nada a esas disciplinas científicas. É similar ao esquema mental imperante, aínda que cada vez menos, no mundo anglosaxón, de desprezo polas capacidades científicas dos países latinos.

Ata a próxima!



Practicando o decreto

## O Fachineiro da lingua

### Crónica de feitos reais

17:30 horas nun centro público dunha cidade galega. Vótase a proposta de adhesión da ANPA dese colexio a unha plataforma en defensa da lingua. Non chega a un 10% a asistencia á xuntanza. Das 30 persoas 4 están en desacordo con que se celebre a votación. “É unha cuestión política e non se debería traer aquí” di un pai, director dun organismo dependente da Xunta. “Hai uns que queren impoñer unha lingua e outros outra” engade outro. “Eu non sei o que di o Decreto. Que di?” dubida un terceiro. “Matemáticas en castelán e coñecemento en galego” respóndelle outro mellor informado: “É máis complicado ca iso” retruca unha nai co fillo no colo. “Que triste, que triste que vengamos con esto aquí” salaia

unha nai buscando coa mirada o apoio do director do organismo público da Xunta. “Isto só sería un posicionamento simbólico, porque a ANPA non pode decidir nada” descúlpase o presidente da ANPA. As persoas contrarias a que se celebre a votación depositan o voto e abandonan a reunión sen agardar polo reconto. “A reunión tería máis importancia se tivese que ver co comedor escolar” sentencia un pai. “19 votos a favor e 11 en contra” reza na redacción en castelán da secretaria da ANPA. O cronista volve para a casa cavilando se na farmacia lle darían un valium por caridade ou sería máis práctico enchufarse a un matrix que lle forneza unha realidade virtual sen ter que pasar pola lobotomía.



A.Q.